

### Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

Anke de Vries, autoa de *Cómplice*, actúa como narradora omnisciente xa que coñece todo acerca dos personaxes: o que pensan, os seus sentimentos, etc. Cóntanos unha historia onde predomina o amor, o odio e a paixón por resolver un enigma que quedou soterrado dende fai moitos anos e poder facer deste xeito xustiza. Utiliza un léxico doado de entender. Tamén recorre moito ao diálogo espontáneo, fluído, e iso axuda a que se lea en pouco tempo, a pesares de ser un libro un pouco longo eu lino en catro días máis ou menos. A personaxe principal é unha moza chamada Marcelle, filla dun acusado do asasinato de Bertrand, gardabosques da cidade de Brac, en Francia. Marcelle decide ir a Brac a investigar sobre ese inxusto feito xa que pensa que o seu pai non é o verdadeiro asasino, e loita ata ... É a personaxe que máis me gustou pola súa forte personalidade xa que en todo momento demostra a súa valentía, ademais non pensa soamente nela senón que tamén axuda aos demais como fixo con Matilde. Preséntanos uns valores como a coraxe, a valentía fronte ao medo ou a covardía. Isto vese representado, primeiro en Therese, cando naqueles tempos foi a única que se atreveu a dicir ..., o que pensaba a pesares das consecuencias, a diferenza do resto do pobo. No presente é Marcelle, que loita por chegar á verdade e poder liberar o seu pai de vida inxusta que leva, a diferenza del, que aceptou o seu destino e acostumouse a vivir con el. Aconsellaríao á xente que lle guste a lectura, porque de non ser así resultarlle un pouco "tostón", ademais é un libro para ler bastante seguido sen deixar días de por medio sen abrillo, xa que de non ser así perderías o fio da historia. Isto é unha das cousas que non me gustou, que o escritor lle dera tantas voltas á historia, é un pouco lioso e iso fai que o lector se perda, sen embargo iso ten un punto ao seu favor, que consegue que ao final sexa sorprendente e inesperado. Un dos motivos polos que me gustou esta historia é porque se fai moi críbel, chega a emocionarte xa que esqueces que é unha historia inventada. Os últimos capítulos parecéronme o mellor, estaba impaciente en saber como remataría, sen embargo ó principio da historia faise por momentos un pouco pesada. (María)